



CONSELLO
DA AVOGACÍA
GALEGA

COMUNICADO

O Consello da Avogacía Galega solicita no Parlamento o incremento do orzamento para a Xustiza Gratuíta

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2026. O Consello da Avogacía Galega mantivo no día de hoxe cadansúa xuntanza cos grupos parlamentarios do Partido Popular de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, co obxectivo de abordar a situación actual do financiamento da xustiza gratuíta na nosa comunidade.

Durante estes encontros, o Consello trasladou a necesidade urxente de incrementar a partida orzamentaria destinada a este servizo público esencial. A institución subliñou que a dotación actual resulta manifestamente insuficiente para garantir a sostibilidade do sistema e dignificar o traballo dos profesionais que o prestan.

Ambos grupos parlamentarios responderon con celeridade á solicitude de entrevista e amosaron disposición e interese ao escoitar os argumentos que fundamentan esta xusta e lexítima pretensión. O Consello da Avogacía Galega agarda que este diálogo se traduza en compromisos firmes que aseguren unha protección xurídica de calidade para toda a cidadanía galega.

